



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 28 DE XULLO DE 2014.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. César Aja Mariño

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteoito de xullo de dous mil catorce, reúnen, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusa a súa asistencia D. César Aja Mariño.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “EXPLOTACIÓN DO MATADOIRO MUNICIPAL DE VIVEIRO”.

Vista a proposta da Alcaldía de aprobación do expediente de contratación “Explotación do matadoiro municipal de Viveiro”, cun prezo mínimo de canon a aboar ó Concello de 8.000 euros e un prazo de duración de 25 anos, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como a tramitación do expediente mediante procedemento aberto e tramitación urxente polo remate do contrato-ponte, delegando na Mesa de Contratación todas as decisións que procedan na tramitación do expediente ata o momento no que se formule a proposta



de adjudicación. Propónse así mesmo acordar a exposición ó público durante 20 días do “Proxecto para a substitución da cuberta e acondicionamento exterior do matadoiro municipal de Viveiro”, no que se recollen as obras de execución obrigatoria polo adjudicatario.

Visto que dita proposta foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Visto que consta no expediente informe de Secretaría coa conformidade de Intervención.

Por parte da Alcaldesa procédese á apertura do debate, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para sinalar que na Comisión Informativa se realizaron suxerencias de modificacións dos pregos, ós efectos de acotar un prazo máximo de execución das obras obrigatorias e das melloras que se propoñan polos licitadores, así como de recoller como causa de resolución o impago do canon e a non realización en prazo das obras obrigatorias ou das melloras propostas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que o seu grupo se abstivo na Comisión Informativa indicando que no único que están en dúbidas é no prazo de duración do contrato de 25 anos, parecéndolles un pouco longo, aínda que recoñecen que é necesario poñer o matadoiro ó día e que funcione ben. Apunta que coñecen os feitos que sucederon o ano pasado, que derivaron no peche temporal do matadoiro coa preocupación que causou entre os carneiros. Propoñen que o prazo sexa de 15 anos máis dúas prórrogas de 5 anos, manifestando que no resto están de acordo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, indicando que o seu grupo está de acordo coa aprobación do expediente, e non lles parece mal o plantexamento do prazo proposto polo Grupo Municipal do P.P., tendo en conta que 25 anos é moito tempo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que para modificar o prazo de duración haberá que establecer uns condicionantes para as prórrogas, polo que de acordarse esta redución de prazo entende que este asunto debería quedar enriba da mesa para outro pleno. Apunta que neste momento non se poden facer modificacións, que xa tivo o Concello un desvergoñado no matadoiro, que segue con outras concesións, sendo denigrante que teña outros matadoiros doutros Concellos despois da masacre que fixo en Viveiro. Apunta que o seu grupo non vai votar mentres non vexa os pregos modificados.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que o seu grupo tamén ve ben a proposta do Grupo Municipal do P.P., preguntando á Secretaria Municipal se é factible.

Intervén a Secretaria Municipal, M^a Luz Balsa Rábade, para dicir que está dentro da legalidade o prazo proposto de 15 anos con dúas prórrogas, o que suporía o cambio de cláusulas do contrato, que se podería facer, sempre e cando quede claro no Pleno en que termos se modifican os pregos, indicando así mesmo que isto afectaría á parte económica do contrato, tendo en conta o orzamento de execución das obras obrigatorias, e que a modificación debe deixar claros todos estes puntos, así como o período de preaviso das prórrogas expresas.



Intervén a Alcaldesa, D^a. María Loureiro García propoñendo que non se demore máis a aprobación do expediente de contratación, recollendo no prego a modificación que se acorde e convocando logo unha Xunta de Portavoces para que podan ver a modificación acordada recollida no prego antes da súa publicación.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para propoñer que quede este asunto para o próximo Pleno ordinario que xa é para a próxima semana.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz para dicir que non se trataba de eliminar nada, senón que simplemente se propoñía unha redución de prazo tendo en conta o que sucedeu co matadoiro, e as consecuentes denuncias xudiciais, pero manifesta que o seu grupo vai votar igual a favor.

Intervén a Alcaldesa para dar a palabra á Secretaria Municipal respecto das cláusulas dos pregos, sinalándose por ésta que nos pregos se intentou deixar clarificadas as responsabilidades do contratista, así como as causas de resolución ou outros puntos do mesmo tendente a que non volva a acontecer un suceso similar ó acaecido no matadoiro.

Intervén a Alcaldesa, D^a. María Loureiro García para dicir que o que interesa é que cumpra o concesionario, o que se estipula con claridade nos pregos, polo que ante a dúbida e posible retraso que está a xerar a proposta de 15 anos máis dúas prórrogas de 5 anos cada unha, aínda que a este Grupo non lle parecía mal dita opción, propón a votación tal e como está redactado o prego.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Explotación do matadoiro municipal de Viveiro”, cun prezo mínimo de canon a aboar ó Concello de 8.000 euros anuais e un prazo de duración de vintecinco, consonte ó prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas reguladores do expediente.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como tramitación do expediente mediante procedemento aberto e tramitación urxente, tendo en conta a data de remate do contrato-ponte.

Cuarto.- Delegar na Mesa de Contratación todas as decisións que procedan na tramitación do expediente ata o momento no que formule a proposta de adxudicación.

Quinto.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o proxecto “Proyecto para la sustitución de la cubierta y acondicionamiento exterior del matadero municipal de Viveiro”, tal e como se recolle no artigo 134 do RGLCAP, para a súa posterior aprobación.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación municipal para a continuidade do expediente ata a súa conclusión, así como ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento.



2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO “EXPLOTACIÓN DO BAR-CAFETERÍA HÓRREO DE NASEIRO”

Intervén a Sr. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García para sinalar que este punto conta do dictame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Vista a proposta do Servizo de Contratación para a adxudicación do contrato, na que se recollen os antecedentes e incidentes acaecidos no proceso de contratación:

O Pleno do Concello, en sesión de 3 de abril de 2014, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación do expediente de contratación, previos os informes emitidos polo Servizo de Contratación municipal, Secretaría e Intervención Municipal. O prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas reguladoras para a adxudicación da prestación, regulan o contrato como contrato administrativo especial, acordándose a súa tramitación por procedemento aberto, trámite ordinario, con publicación de anuncio no BOP para a presentación de proposicións.

O prazo para a presentación de proposicións quedou comprendido entre o 24 de abril ata o 8 de maio de 2014. Durante este prazo presentaron proposicións os seguintes licitadores:

Nome	Dirección	Rexistro de entrada proposición
Manuel Rodríguez Baamonde	Avda. de Ferrol 37-1, 2º H Viveiro	3.188, de 08.05.14
Abilio Golpe Galdo	Avda. Cantarrana 13, 4º A Viveiro	3.227, de 08.05.14
Tamara Ferro Rolle	Pedrouzos núm. 6 San Pedro / Viveiro	3.228, de 08.05.14

Na Mesa de Contratación, en sesión levada a cabo o día 14 de maio de 2014, deuse conta das ofertas presentadas. Seguidamente procedeu ao control da documentación administrativa de cada unha das proposicións presentadas, estimándose correcta polos membros da Mesa. Igualmente, na devandita sesión, procedeu á apertura dos sobre núms. 2, co seguinte resultado:

Oferta económica:

Núm. orde	Nome	Oferta económica
1	Manuel Rodríguez Baamonde	4.500,00 €
2	Abilio Golpe Galdo	6.001,00 €
3	Tamara Ferro Rolle	4.510,00 €

O resultado de valoración das proposicións levadas a cabo pola devandita Mesa foi a que se reflicte no seguinte cadro:

Criterio	Concepto	Licitador 1 <i>Manuel Rodríguez Baamonde</i>	Licitador 2 <i>Abilio Golpe Galdo</i>	Licitador 3 <i>Tamara Ferro Rolle</i>
1	Oferta económica	29,99	60	30,18



2	Memoria	5	10	10
3	Dias e horario de funcionamento	4	10	7
4	Innovacións	5	10	10
5	Mantemento das instalacións	5	5	5
6	Plan de limpeza	5	5	5
Puntuación total		53,99	100	67.18

Unha vez realizada a valoración das proposicións pola Mesa de Contratación, propúxose como adxudicatario do contrato a don *Abilio Golpe Galdo*, por un prazo de contrato de catro anos, e por un importe anual de 6.001, 00 euros, IVE engadido. En consonancia requeriuse a D. *Abilio Golpe Galdo* para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, á que fai referencia a cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas. Ao mesmo tempo, a Secretaría municipal, mediante solicitude asinada o 19 de maio de 2014, con rexistro municipal núm. 3.599, de 21 de maio de 2014, solicitou aos Departamentos de Recadación e Tesourería-Intervención municipal pronunciamento sobre cumprimento das obrigas tributarias do adxudicatario proposto có Concello de Viveiro.

O día 29 de maio de 2014 (rexistro de entrada municipal 3.905, de 29 de maio de 2014) don *Abilio Golpe Galdo* presenta a documentación que lle foi requirida, e á que fai referencia á devandita cláusula 17 do prego de cláusulas. Por outra banda, e por trámite interno, os Departamentos de Recadación e Tesourería-Intervención municipal informaron ao Servizo de Contratación da existencia de débedas iniciais de don *Abilio Golpe Galdo*, tanto en periodo voluntario como executivo, sendo pagadas polo adxudicatario proposto en data 22 de maio de 2014.

Con base nos extremos anteriores, compróbase que as débedas municipais se atopaban pendentes de pagamento o último día de prazo de presentación de proposicións (8 de maio de 2014), xa que tanto as débedas en periodo voluntario como executivo se aboaron o día 22 de maio de 2014. Obsérvase deste xeito pola Mesa de Contratación na sesión de 17 de xuño de 2014 que o licitador proposto se atopa incurso nunha prohibición de contratar (de apreciación directa polo órgano de contratación, como é á de non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias), que implica a falta de capacidade para contratar coa Administración, así como que esa capacidade se debe apreciar no momento de remate de prazo de presentación das proposicións. Ante este incidente, e en base ós fundamentos expostos, esgrimidos detalladamente na acta de dita sesión, a Mesa de Contratación decide a exclusión do procedemento de D. *Abilio Golpe Galdo*, deixando sen efecto a proposta de adxudicación recaída sobre o mesmo pola causa sobrevida apuntada e proponendo como adxudicatario ó seguinte licitador con mellor puntuación, D^a. *Tamara Ferro Rolle*.

Requerida para a presentación da documentación previa á adxudicación, foi presentada a mesma mediante escrito con rexistro de entrada núm. 5.279, de 8 de xullo de 2014, e formalizou a garantía definitiva para a adxudicación do contrato mediante a modalidade de fianza, por importe de 712,58 €, constando así mesmo no expediente de contratación certificación da Deputación provincial de Lugo e informe da Oficina de Recadación do Concello nos que se acredita o cumprimento de obrigas tributarias co Concello de Viveiro.

A Mesa de Contratación, en sesión de 11 de xullo de 2014, vista a documentación presentada por D^a. *Tamara Ferro Rolle*, ratifica a súa proposta de adxudicación do contrato ao seu favor, por un prazo de *catro anos* e por un importe total anual, IVE engadido, de 4.510 €.



Na Mesa de Contratación de data 11 de xullo de 2014 analízase o escrito presentado ante o Concello por don *Abilio Golpe Galdo* o día 10 de xullo de 2014, con rexistro de entrada municipal núm. 5.340, adxudicatario inicialmente proposto e posteriormente excluído do procedemento de contratación. Na sesión dase lectura íntegra ao devandito escrito, considerando que a proposta adoptada pola mesma é un acto de trámite, non susceptible de recurso, podendo o interesado recurrir contra o acordo da adxudicación, debendo neste estar motivada a súa exclusión do procedemento. Non entanto o anterior, a Mesa denota que a fundamentación da impugnación que o alegante fai constar no punto quinto do seu escrito, baséase na superación dun prazo que aínda non comezou a computar (prazo para a formalización do contrato tras a adxudicación), pois a adxudicación aínda non se levou a cabo, considerando, así mesmo, que o exceso polo Concello dos prazos non supón a nulidade do procedemento.

Visto que según consta nas respectivas actas da Mesa de Contratación, excluída a oferta con maior puntuación, correspondente a D. Abilio Golpe Galdo, por falta de capacidade de obrar ó incurrir en prohibición de contratar, propúxose como adxudicatario ó segundo licitador que presentou a oferta mási ventaxosa, según as valoracións contidas nas respectivas actas, contando o expediente con proposta de adxudicación do servizo de contratación a favor de dito licitador, D^a. Tamara Ferrol Rolle, en función dos antecedentes sinalados, e constando informe de Secretaría coa conformidade de Intervención previos á adxudicación, procede por parte do órgano de contratación a adxudicación do contrato.

Resultando que a exclusión veu fundamentada, tal e como consta nas actas da Mesa de Contratación porque o licitador proposto se atopa incurso nunha prohibición de contratar, a existencia de débedas tributarias (de apreciación directa polo órgano de contratación, como é á de non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias), que implica a falta de capacidade para contratar coa Administración, así como que esa capacidade se debe apreciar no momento de remate de prazo de presentación das proposicións.

Resultando que o escrito presentado polo licitador excluído se fundamenta en que a exclusión da súa oferta pola Mesa de Contratación vulnera a cláusula 19 de prego de cláusulas administrativas que establece que o contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á recepción polo adxudicatario da notificación da adxudicación, e tendo en conta que dito prazo aínda non empezara a contar, posto que a adxudicación aínda non se realizou, procede a súa desestimación. A maior abundamento, según a regulación do TRLCSP exceso polo Concello dos prazos non supón a nulidade do procedemento.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que o seu grupo lamenta que este expediente leve tanto retraso, motivado por tres Mesas de Contratación, existindo un gran traballo dos Departamentos de Contratación e Tesourería, que detectaron o erro existente.

Intervén a Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que non se trata de que houbese un erro, senón de que a persoa que se propuxera como adxudicatario no momento de presentación da documentación previa á adxudicación detectouse que non cumpría os requisitos para ser adxudicatario.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade:



Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “Explotación do bar-cafetería do Hórreo de Naseiro” a Tamara Ferro Rolle, con DNI núm. 34.882.397-E, por un prazo de duración de contrato de catro (4) anos e por un prezo total anual de “catro mil cincocentos dez euros” (4.510,00 €), IVE engadido, consonte ao seguinte desglose:

Prezo base	21 % IVE	Prezo total
3.727,27	782,73 €	4.510,00 €

Segundo.- Notificar o presente acordo á adxudicataria do contrato, informándolle que a formalización do contrato se deberá efectuar no prazo de quince días hábiles, según o previsto no artigo 156 do TRLCSP e no prego de cláusulas administrativas, e dar traslado do mesmo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 18, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DO MATADOIRO MUNICIPAL.

Vista a proposta da Alcaldía de modificación da Ordenanza Fiscal nº 18 reguladora da taxa polo servizo do matadoiro municipal.

Intervén a Alcaldesa, D^a. María Loureiro García para sinalar que este punto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía por unanimidade.

Visto o informe de Secretaría coa conformidade de Intervención.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade aprobar a proposta da Alcaldía, como segue:

Primeiro.- Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 18, reguladora da taxa polo servizo do matadoiro municipal, modificando o artigo 6 da mesma, que quedaría do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18 REGULADORA DE LA TASA POR SERVICIO DEL MATADERO MUNICIPAL

(...)

Artículo 6. - CUOTA TRIBUTARIA

1. - *El importe de la tasa regulada en esta Ordenanza será la resultante de aplicar las tarifas contenidas en el apartado siguiente.*

SERVICIOS Y CLASES DE GANADO	EUROS/KG.
Sacrificio de Vacuno.....	0,30 €/Kg.
Productos M.E.R.....	12 € unidade
Equino	0,30€/Kg.
Productos M.E.R.....	6 € unidade



Porcino	0,22 €/Kg.
Ovino	0,95 €/kg.
Productos M.E.R.....	3 € unidade
Caprino	0,95 €/kg.
Productos M.E.R.....	3 € unidade
Transporte	0,08 €/Kg.
SERVICIOS Y CLASES DE GANADO	
Lavado e desinfección de vehículos	9,00 €.
Lavado y/o pelado de estómagos porcino.....	1,00 €
Elaboración despojos ovino y caprino	3,00 €/unidad
Lavado y/o pelado de estómagos y patas bovino	5,00 €/unidad

Las tarifas mencionadas se entenderán IVA excluido.

(...)"

Segundo.- Exponer ó público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal referida, por prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Rematado o prazo de exposición ó público adoptárase acordo definitivo resolvendo sobre as reclamacións presentadas, e no suposto de non existir reclamación algunha entenderase definitivamente adoptado o presente acordo, publicándose o texto íntegro da presente modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

4.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO D. CÉSAR AJA MARIÑO.

Por parte da Alcaldesa, D^a. María Loureiro García expónse a renuncia presentada polo Concelleiro D. César Aja Mariño, para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, para dicir que o candidato seguinte da lista do seu grupo era D^a. María Jesús Vale López.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación da toma en consideración polo Pleno da Corporación da renuncia presentada, ós efectos previstos na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para a remisión deste acordo á Xunta Electoral Central a efectos de expedición da oportuna credencial a favor de D^a. María Jesús Vale López, acordándose por 15 votos a favor tomar consideración da renuncia presentada polo concelleiro D. César Aja Mariño. O concelleiro D. Jesús Fernández Fernández non exerceu o seu voto neste punto.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:00 horas do día 28 de xullo de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.